


R. 120. 423

# HOMENAJE A RAMÓN LORENZO

*Edición de*  
Dieter Kremer

TOMO II



# Claves para o estudio do eufemismo e do disfemismo no galego medieval

Emilio Montero Cartelle

## 1. INTRODUCCIÓN

Hai anos realicei, baixo a dirección do profesor Lorenzo, a miña tese doutoral sobre o eufemismo en Galicia (Montero Cartelle, 1981). Foron anos de estreita colaboración nos que, coa súa axuda, iniciei a miña vida docente e investigadora. Por razóns moi diversas, as nosas carreiras separáronse. Mentres el se mantivo fiel á filloxía románica, centrando os seus esforzos fundamentalmente no estudio do galego medieval, pola miña parte, derivei cara á sintaxe histórica do castelán medieval. A organización desta homenaxe a Ramón Lorenzo fíxome pensar que a mellor maneira de contribuír á mesma era retomando o tema que dera lugar ós nosos primeiros contactos. Agora, a diferenza daquela ocasión, analizaré o eufemismo e o disfemismo no galego medieval para, deste xeito, adecuar aínda máis a miña aportación ó perfil do Prof. Lorenzo.

Unha decisión como esta entraña certos riscos, que derivan fundamentalmente de analizar, nun estado de lingua diferente ó actual, un fenómeno lingüístico no que as connotacións, os matices e a actitude social ante certas formas léxicas son determinantes para identifica-lo termo propio e, por comparación con el, aqueles outros que participan dos trazos que caracterizan os eufemismo e os seus contrarios, os disfemismos. Neste sentido, é fundamental a elección do *corpus*, porque no só ha de nutrirnos de exemplos, senón que, por riba, ha de ofrecer-las pautas para colocar cada un deles no lugar que lle corresponde. Ha de suplir, polo tanto, a competencia lingüística que cada un de nós posúe sobre a lingua propia e, ó tempo, de acordo coas características do eufemismo e disfemismo, ofrecer indicios razoables sobre as distintas normas ou niveis de lingua de que dispoñía o galego medieval.

O *corpus* é sempre uns dos aspectos mas cuestionables tanto pola subxectividade que encerra como pola impotancia que ten no momento de coñecer e estudar etapas pretéritas dunha lingua. Da súa elección dependen tantos factores que, por moito que se coide, dificilmente se acertará co repertorio ideal, máxime cando non sempre se conta con edicións de tódolos textos e as que hai non sempre están feitas co rigor necesario.

Nesta ocasión, os problemas agudízanse polos obxectivos mesmos do traballo, pero tamén porque se analizará un estado de lingua no que a produción literaria foi escasa e, sobre todo, no que a lingua estaba nun proceso de formación, que, dadas as súas características, pode incluso dificultar a elección dos textos. Non se trata de que o galego da época, como o castelán de entón ou calquera outra lingua, estivese nunha etapa de formación da lingua literaria, senón de que, en pleno século XIII, aínda que os precedentes históricos arrincan do XII<sup>1</sup>, a relativa unidade lingüística<sup>2</sup> que, ata entón, parecía dominar no Norte, vaise fragmentando. Lorenzo prefire falar de tendencias, de que se vai derivando cara a solucións diferentes (1979, 267, e 1981, 10), para así subliñar-lo carácter gradual do cambio, pero o resultado é o mesmo; ó final, atopámonos con dúas linguas diferentes: o galego e o portugués<sup>3</sup>.

As implicacións dun feito coma este na confección do *corpus* non debe minusvalorarse. Non todas, sen embargo, teñen por qué ser negativas, antes ben, ofrecen ou, polo menos, permiten algunhas alternativas que, no caso da análise do eufemismo e do disfemismo, poden ser de moito interese. Obviamente, reduce considerablemente o número de textos porque, por principio, só deben aceptarse aqueles nos que a adscrición ó galego sexa inequívoca. Este aspecto ten unha dobre vertente, porque, se, por unha banda, as edicións e estudos dos máis importantes resolven o problema<sup>4</sup>, por outra, se, como se reconece reitera-

1. A separación iníciase con Alfonso VI (1065-1109) e consolídase coa entronización de Afonso Henriques como rei de Portugal no ano 1143.

2. Ramón Lorenzo que, en diversas ocasións, mostrou as súas reticencias ante a expresión "galego-portugués" non dubida en afirmar que "no século XIII temos que falar de galego-portugués, pois hai unha grande unidade lingüística, recoñecida desde sempre" (1979, 267). Para coñecer-la súa postura ante esta forma híbrida galego-portugués e as puntualización que lle merece, *cfr.* Lorenzo (1975, XXVI-XXVII e XXVI). Para outras interpretacións, *cfr.* Ferrari, Gonçalves e Ramos (1982, 191-192) e Maia (1986, 2-4).

3. As características dunha e outra resumiunas el mesmo, cando di:

"O propio dos textos galegos é, desde o comezo, a tendencia prá variedade, dentro dunhas normas xerais, porque falta unha unidade lingüística imposta por un centro irradiador. Mentres no Sur se vai creando unha lingua nacional, no Norte vaise perdendo a literatura" (1981, 10).

O polimorfismo, a presión crecente do castelán e, por suposto, certos trazos lingüísticos converteranse, de feito, en probas ás que recorre en distintas ocasións para demostrar-la adscrición inequívoca ó galego de textos medievais como a *Crónica General*, a *Crónica de Castilla* (1975, XXXV-XXXVI) e a *Crónica Troiana* (1985, 81-82).

4. Un breve resumo das edicións dos textos en prosa pódese atopar en Lorenzo (1982, 115), aínda que xa precisa dunha actualización.

damente "aínda fai falla un estudio sistemático dos textos documentais, cousa que nos podería dar unha visión real dos feitos" (Lorenzo, 1981, 10)<sup>5</sup>, nada impide que, co tempo e aparición de novos manuscritos, se repitan os problemas que, por exemplo, se presentaron coa adscrición ó galego da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* (Lorenzo, 1975, XVI-XVII)<sup>6</sup>.

A acentuación das diferencias co paso do tempo<sup>7</sup> tampouco resolve moito no sentido de que as dificultades xorden precisamente cos textos do século XIV, á marxe de que as circunstancias históricas que tiveron lugar nesta época fosen determinantes no "esmorecemento ata a súa desaparición" da prosa galega (Lorenzo, 1985, 72).

O lado positivo dunha situación coma ésta reside precisamente no que, con anterioridade, se percibía como unha dificultade. A adscrición inequívoca dos textos ó galego será unha condición previa para a análise do eufemismo e do disfemismo na súa etapa medieval, pero se, a pesar das tendencias cara a unha norma galega e outra portuguesa, hai que aceptar unha comunidade lingüística, maior no séc. XIII e menor no XIV, por qué non utilízala en beneficio dunha maior comprensión dos fenómenos que nos ocupan. Non se trata de incluír no *corpus* textos portugueses, senón de servírnos dos mesmos para precisar, matizar e incluso completar e enriquece-la documentación, que non ter porque ser exclusivamente léxica. Pode e debe abarcar facetas máis variadas, que son fundamentais para precisa-lo valor eufemístico ou disfemístico dos termos, que, por si sós, dificilmente poderían adscribirse a un ou outro fenómeno sen a aportación de comentarios, das reaccións que provocan ou dos prexuízos que entraña o seu uso.

A este nivel, tan importante coma a recoñecida comunidade lingüística, é que ámbalas dúas sociedades participasen da mesma tradición cultural, que houbera unha base relixiosa común e que a lexislación partise duns precedentes e presupostos tamén comúns. Nin que dicir ten que o dito é aplicable a Galicia e Portugal, pero tamén a Castela, cunha importancia na consolidación cara a dúas linguas diferentes a partir dunha unidade primitiva foi reiteradamente defendida polo Prof. Lorenzo (1981, 12)<sup>8</sup>.

5. O mesmo autor reitera esta necesidade noutros traballos, (Lorenzo, 1975, 157 y ss.). *Cfr.* tamén Maia (1986, 5), onde se recollen testemuños doutros autores.

6. O mesmo aconteceu coa *Crónica de 1404*. Maia resume perfectamente as distintas opinións que, sobre este texto, foron aparecendo, polo que remito á mesma (Maia, 1986, n. 4, pp. 5-6).

7. "O comenza-la literatura, no século XIII, as diferencias entre o galego e o portugués non eran moi grandes, acentuáronse no séc. XIV e fixéronse definitivas a partir do séc. XV" (Lorenzo, 1981, 9).

Non hai, sen embargo, que esquecer que, na constitución do portugués, o papel fundamental correspondeu á súa expansión cara ó Sur e ó influxo de centros culturais como Coímbra e Lisboa.

8. "El motivo de esta divergencia se debe, como ya dije, a la formación de una conciencia lingüística en el Sur del Miño, fruto de una estabilización política, mientras el Norte cayó de lleno y definitivamente en el área de expansión del castellano, impuesto oficialmente bajo la presión de los reyes y señores, llegándose incluso a una interacción lingüística peculiar" (Lorenzo, 1975, 166).

Ata o momento, esbocei a necesidade de coñece-las características máis sobresaíntes do estado de lingua que se vai analizar, pero tamén se fará o propio co obxecto de estudio. Entre os trazos máis notables do eufemismo e o do disfemismo destaca a súa relatividade, entendida no sentido de que, ó ter ambos unha orixe claramente social<sup>9</sup>, as causas que o provocan, os conceptos sobre os que recae e as propias expresións eufemísticas e disfemísticas presentan notables diferencias en relación coa época, co lugar e incluso coa idade, sexo e formación das persoas que os utilizan<sup>10</sup>.

A súa análise impón, polo tanto, condicións moi precisas ó *corpus* que, se son difíciles de cumprir no estado actual da lingua, moito máis o serán naquel outro no que a lingua literaria se estaba formando. As restriccións propias do galego medieval, cunha produción literaria moi escasa, superponse agora outra que deriva do propio obxecto de estudio, que, tal como se manifesta, require, en principio, unha grande variedade de fontes. Xa non se trata, como noutras ocasións, de opoñer a prosa ó verso, porque a forma de expresión dunha e outro poden mediatizalas estruturas lingüísticas, nin de ver se, para os fins que se perseguen, é preferible tomar como referencia a prosa histórica ou a didáctica-moralizante, nin moito menos de recorrer ó teatro como posible reflexo da linguaxe coloquial. Ese sería o ideal, pero, ante a imposibilidade de acceder a el, haberá que sacalo máximo partido posible do que se dispón.

No *corpus*, teñen cabida os *documentos*, que, aínda que non sempre ben transcritos<sup>11</sup>, son perfectamente utilizables para un estudio de tipo léxico<sup>12</sup>. O interese destas fontes de estudio non reside tanto na rendibilidade que se poida extraer dos mesmos á hora de recompilar eufemismos e disfemismos, moi esporádicos ó longo de todos eles, senón en que, ocasionalmente, se manifestan como referencias claras e nítidas de cómo reaccionaba a sociedade ante determinados feitos que si poden estar na base daqueles. Pola miña banda, utilicei *A vida e a fala dos devanceiros*, de X. Ferro Couselo (1967).

Un lugar de privilexio correspóndelles ós *foros* que, xunto cos *documentos notariais*, constitúen as fontes xurídicas. Con esta gradación, non pretendo entrar no debate de se o seu valor lingüístico é superior ó dos *documentos notariais*<sup>13</sup>, senón simplemente resaltar que a grande variedade de temas e de necesidades,

9. Tal vez fose J. Orr quen mellor puxera de manifesto o carácter social do eufemismo e a importancia social da presión social na súa xestación (Orr, 1953, 167).

10. Cfr. para estas cuestións Montero Cartelle (1981, 30-36).

11. Cfr., por exemplo, as críticas de Maia (1986, 36-38) ós *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*, transcritos por A. Martínez Salazar, e *A vida e fala dos devanceiros* de Xesús Ferro Couselo. Estase, de tódolos xeitos, a traballar moito neste terreo, como demostra o propio traballo de Clarinda de Azevedo Maia e a transcripción e lectura que están a facer na Universidade de Santiago R. Lorenzo, Carme Barreiro, etc.

12. Non entro en se é neles onde, xa en pleno século XIII, se perciben mellor as diferencias entre o galego e o portugués (cfr. Lorenzo (1979, 267) e Maia (1986, 8, 10 e 17)), senón na súa operatividade no terreo léxico.

13. Alvar (1953, 580-581) así o pensa, pero cfr. a defensa que, dos mesmos, fai Maia (1986, 8-17).

que acollen e lexislan, os converten nun catálogo ideal do que podería ser a vida de entón nos seus aspectos fundamentais<sup>14</sup>. Da súa lectura, pódese obter unha información bastante precisa dos temas sometidos a interdicción, da resposta dos lexisladores ante a mesma e, como non podería ser doutra forma, dos termos que se utilizan para denominalos. Neste sentido, poderíase destacar que, nos mesmos, se percibe cómo reaccionaba a lingua ante a necesidade de crear un léxico técnico que, para a análise do eufemismo e, por contrapartida, do disfemismo, resulta de gran interese. O problema deriva, en primeiro lugar, do escaso número dos mesmos de que dispoñemos, fronte, por exemplo, ó que ocorre nas zonas castelá e portuguesa, e, en segundo lugar, de que só nos chegaron fragmentos soltos da tradución galega das *Partidas*, publicados por Martínez Salazar (1909-1910), Oviedo y Arce (1915) e Pensado (1974-75). En contrapartida, hai versións portuguesas da *Primeira Partida*<sup>15</sup> e do *Fuero Real*<sup>16</sup>, ás que sempre se pode recorrer en razón da súa cronoloxía e da recoñecida unidade lingüística existente no século XIII. Para esta ocasión, manexei o *Foro Real* (Ferreira, 1987), os *Fueros municipales de Santiago y de su tierra* (López Ferreiro, 1985) e os *Fueros municipales de Orense* (Martínez Sueiro, 1978).

As fontes literarias deberían, e así sucede, constituí-lo núcleo do *corpus*, se ben conviría diferenciar nas mesmas entre textos en prosa e en verso. Os primeiros son case na súa totalidade de tipo cronístico, o que non só determina o seu estilo, senón que limita a aportación de material para o estudo do eufemismo e do disfemismo. Por eso, imponse diversificar na medida do posible este apartado para, deste xeito, amplia-las opcións e limita-las restriccións que derivan dunha tradición estilística excesivamente pautada. Neste sentido, optei pola lectura da *Crónica Troiana*, por unha parte, e de *Os miragres de Santiago*, por outra.

O verso está perfectamente representado polas *Cantigas de Santa María*, prototipo dun galego culto, pouco propenso ás peculiaridades da lingua popular<sup>17</sup>. O seu carácter relixioso condiciona o seu estilo, pero tamén o seu léxico, converténdoo no contrapunto ideal das Cantigas trobadorescas. A aportación, en xeral, destas ó estudo do eufemismo e disfemismo é moi desigual, destacando sobre todas as *Cantigas d'escarnho e de mal dizer*, fonte inesgotable de elementos léxicos relativos, sobre todo, ó campo da sexualidade. O seu estilo e os obxectivos das mesmas convértenas, por riba, nun perfecto punto de referencia para obter unha idea exacta e precisa dos disfemismos, que se corresponden ou non cos da

14. A importancia das fontes xurídicas para a historia do dereito, da cultura e, por suposto, da filoloxía foi analizado por Tilander (1967), a quen remito; do mesmo xeito que fago o propio con Cintra (1974), para o seu valor lingüístico.

15. Alphonse X. *Primeira Partida*. Édition et étude por José de Azevedo Ferreira, Instituto Nacional de Investigación Científica, Braga, 1980.

16. Alfonso X. *Foro Real*, 2 vols. Edição, Estudo Linguístico e Glosario de José de Azevedo Ferreira, Instituto Nacional de Investigación Científica, Lisboa, 1987.

17. A súa lingua, foi obxecto de estudo por parte de Lorenzo (1979 e 1981) e de Rübencamp (1932-9133).

lingua xeral haberá que deducilo da comparación con outras fontes, aínda que, de entrada, se saiba que o medio utilizado e as pautas poéticas herdadas fan difícil asumir esta posibilidade. Manexei os tres grandes cancioneiros: *Cantigas d'amigo*, *Cantigas d'amor* e *Cantigas d'escarnho e de mal dizer*.

### 3. A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

O problema máis difícil co que nos atopamos á hora de analiza-los eufemismos e disfemismos nun estado de lingua diferente ó noso, deriva precisamente das propias características do obxecto de estudio. A caracterización de eufemismo e disfemismo depende das connotacións que o uso de tal ou cal expresión conleva. Non hai, pois, nin eufemismos, nin disfemismos, senón que o grao de aceptación social, as reaccións que provoca e as asociacións que esperta serán, ó final, o que determinará a súa adscrición a un ou outro fenómeno. O mesmo sucede cos temas sometidos a interdicción, que, como xa se indicou, non só poden variar dunha sociedade a outra, dunha clase social a outra, senón que o lóxico é que suceda o mesmo con estados de lingua diferentes, en tanto que reflexo de condicionamentos distintos. Incluso máis, neste xogo de asociacións e, dada a propia dinámica das leis que regulan este faceta léxica, unha mesma palabra pode xurdir como eufemismo e acabar en disfemismo ó asumi-las connotacións que se querían evitar, do mesmo xeito que o que hoxe pode ser obxecto de interdicción puido non selo noutra época e viceversa.

A competencia lingüística, entendida en sentido máis amplo que o de simple dominio da lingua, convértese, deste xeito, no factor fundamental para poder determina-lo carácter eufemístico ou disfemístico dun termo. Se, como ocorre co galego medieval, carecemos dela, habería que habilita-los mecanismos necesarios para suplir esa deficiencia, o que, obviamente, só se pode facer sacando o máximo rendemento ó *corpus* e, sempre que sexa posible, incluso a elementos marxinais ó mesmo. Neste sentido, o *corpus* deseñouse pensando non só na recompilación do material, senón na súa interpretación de acordo coas características do eufemismo.

Incluíronse neste fontes xurídicas tanto polo seu valor lingüístico como sociolóxico e cultural. Nelas pódese atopar información sobre o grao de aceptación ou rechazo social de certos temas con só interpretar correctamente a lexislación sobre os mesmos e as sancións a que da lugar a súa transgresión<sup>18</sup>. Aínda máis, o seu carácter lexislador e regularizador da vida social induce a pensar que, dun xeito case natural, debeu provoca-la necesidade de crear un léxico bastante técnico que se, en principio, afectaba fundamentalmente á súa

18. M<sup>a</sup> Carmen Pallares (1993), partindo dun esbozo similar, reconstruíu a vida da muller medieval, o seu papel na sociedade, no matrimonio, no traballo, cubrindo incluso facetas como o concubinato, a prostitución, etc.

vertente estrictamente xurídica, non hai por qué non estendelo a aqueles temas que, polas súas connotacións, poderían ferir a sensibilidade daqueles ós que ían dirixidas.

Obviamente, non se pode equiparar sen máis o léxico xurídico e o que agora nos ocupa, pero, polo menos, pódese percibir e, consecuentemente, defender que, en temas como o da sexualidade, a relixión, etc., hai un claro intento de utilizar en cada momento o termo menos cargado de connotacións pexorativas. Cando ocorre o contrario, faise notar explicitamente ou, polo menos, dedúcese da pena que o seu uso conleva. Esta faceta é fundamental para a análise do eufemismo e do disfemismo, que, para poder facelo, require sempre partir dun termo o máis aséptico posible, que chamaremos *termo propio*. En torno a el, xirarán tódolos recursos lingüísticos que darán lugar ós eufemismos e ós disfemismos.

Como complemento das fontes xurídicas, utilicei *Os miragres de Santiago*, cunha finalidade propagandístico-religiosa que o fai moi propenso ó uso de termos neutros ou claramente disfemísticos. Manexei tamén un *Tratado de confissom* do século XV<sup>19</sup>, que, aínda que portugués, resulta sumamente ilustrador tanto a nivel da interdicción, principalmente da sexual, coma dos recursos lingüísticos a que dá lugar. Reflicte a postura, neste caso da Igrexa, ante case os mesmos temas que preocupaban ó lexislador, ó tempo que, por ter que referirse a eles, recorre a unha terminoloxía moi próxima á de aquel, que vén confirmalo seu carácter de termos propios, carentes de connotacións, sobre os que deseña-la análise do eufemismo e do disfemismo.

Aseguradas as pautas para acceder ó termo propio, sería de gran axuda poder ter constancia de cáles eran, pola contra, as denominacións que, polas súas connotacións pexorativas ou simplemente negativas, habería que evitar. Se se conseguise cubrir esta faceta, sería relativamente fácil identifica-los verdadeiros eufemismos, aínda que só fose por simple contraposición. Neste sentido, manifestáronse de gran interese os cancioneiros, sobre todo as *Cantigas d'escarnho e mal dizer*. A súa lectura non resulta doada a causa das dificultades da propia linguaxe, da riqueza e variedade de procedementos estilístico e retórico empregados e, ademais, porque, para entendelas,

debemos situarnos na época e no contexto en que foron compostas e ter presente de que maneira, ante o público, por quen e con que finalidade eran interpretadas, pero sobre todo, cal era a clave, a chave que mantiña aberta a comunicación entre o trovador (a través do xogar) e o público (Arias Freixedo, 1993, 12).

A pesar das dificultades, as *Cantigas d'escarnho* representan a referencia que faltaba para poder acercarse ó eufemismo e o disfemismo. Pola súa mediación e

19. *Tratado de confissom*. Leitvra diplomática e estvdo bibliográfico por José V. de Pina Martins, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1973.



coa necesaria axuda dos seus editores, accédese a unha forma de expresión que se, por momentos, abraia polas súas metáforas, imaxes, xogos de palabras e pola súa consciente ambigüidade, a *aequivocatio* da *Arte de trobar*, noutros, sorprende polo seu realismo, pola súa crueza e polo seu vulgarismo.

#### 4. CONCLUSIÓNS

Nun principio, os meus obxectivos limitábanse a un estricto esbozo teórico das dificultades con que me atoparía á hora de iniciar o estudo do eufemismo e do disfemismo noutras etapas da lingua e, de ser posible, a ofrece-las solucións máis adecuadas ós mesmos. Pretendía, deste xeito, retomar unha liña de investigación co fin último de, por comparación de estados sucesivos de lingua, facer unha análise histórica deste fenómeno lingüístico. Entre os meus propósitos iniciais, no entraba descender a cuestións prácticas, pero, como sen dúbida é esta a mellor forma de demostrar a efectividade dunha exposición, non estará de máis que, a modo de conclusión, deixe constancia de que o *corpus* elixido reflicte as interdiccións, mostra cómo se superan a nivel léxico e inclusive cómo se transgreden ou simplemente se fai caso omiso das mesmas. Con este fin, elixín a interdicción sexual pola sinxela razón de que a súa existencia en tódalas épocas, aínda que con intensidade diversa, non precisa ser demostrada. Omito, polo tanto, as referencias neste sentido e paso directamente a mostrar algúns exemplos dela.

Un caso relativamente curioso é o do termo *puta*, que, a pesar da orixe eufemística que propón Beinhauer (1968,150), foi un claro disfemismo en galego dende as súas primeiras manifestacións literarias. Na *Crónica Troiana*, documéntase nunha exclamación, vixente aínda na lingua actual, que a todas luces denota una gran ira e un claro intento de ofender: “-¡Fi de puta, fornziño!” (239:14). O *Foro Real* confirma esta deducción cando castiga o seu uso<sup>20</sup>, da mesma maneira que ocorre o propio co uso inequivocamente procaz que, da mesma, se fai nas *Cantigas d'escarno*<sup>21</sup>, así como dos seus derivados: *putanhei-*

20. “Qual quer que [deostar] outro ou lhy disser falso ou trehedor ou fudodinculi ou cornudo ou erege, ou a molher de seu marido disser *puta*, desdigao ante o alcayde e ant'os omees boos ao prazo que lhy poser o alcayde e peyte .CCC. soldos” (265: 89-93).

21. Meus amigos, tan desaventurado  
me fez Deus, que non seu oj' eu quen  
fosse no mund' en peor ponto nado,  
pois [m]'ua dona fez querer gran ben,  
fea e velha, nunca eu vi tanto;  
e esta dona *puta* é já quanto,  
por qu' eu moir[ol], amigos, mal pecado.” (309:1-7).

O seu uso é tan reiterado como para que non sexa posible reproducir aquí todas e cada unha das súas ocorrencias. Sirva, a modo de exemplo, a relación seguinte: 288:16 e 27; 339:17; 357:6; 263:7; etc.

ro (288:3), co significado de 'chulo de putas', *putaría* (288:24), co de 'casa de putas', e *puto* (342:9), co de 'homosexual'<sup>22</sup>. O contrapunto eufemístico vén dado polo *Tratado de confissom*, no que as referencias son o clásico cultismo, máis ben aínda latinismo, *meretrix* (226b:8) e a perífrase *molher corrupta* (196b: 21-22).

O mesmo castigo merece *cornudo*<sup>23</sup>, hoxe tan disfemismo como daquela e, consecuentemente, moi apropiado para os fins denigratorios das *Cantigas*, nas que non só se documenta baixo esta forma (362:3, 12, 17 y 27), senón que se utiliza como exclamación denigratoria: *fi de cornudo* (398:11).

O acto sexual merecería por si só un estudio, pero, aínda que só sexa a modo de testemuño, debe terse presente que, mentres en *Miragres*, na *Crónica Troiana* e no *Foro Real* hai sempre unha clara intención eufemística na súa designación, nas *Cantigas d'escarnho*, alternan as dúas opcións, as eufemísticas e as disfemísticas. Os procedementos lingüísticos son os habituais:

a) perífrases, case sempre de orixe relixiosa en *Miragres*, como *fazer pecado*<sup>24</sup>, *fazer pecado con moller*<sup>25</sup>, aínda que non faltan as que resaltan simplemente a idea de compañía, como *ir con moller*<sup>26</sup>

b) metáforas, novamente de clara procedencia eclesiástica en *Miragres*, como é o caso de *pecar*<sup>27</sup>,

c) e metonimias, que permiten disfrazalo acto sexual, incidindo en calquera acción concomitante co mesmo, como *iazar*<sup>28</sup>, *dormir* e *albergar*<sup>29</sup>, as tres de gran tradición, salvo a literaria *albergar*.

22. Non deixa de ser curioso que a cantiga 14 desenvolva a idea de que as putas non deber exercer a súa profesión na coesma. Esta prohibición, de clara orixe relixiosa, non sei ata cando estivo vixente, pero pervive dalgún xeito na expresión "estar peor que as putas en coesma", utilizada para referirse á falta de cartos, en evidente alusión ó estado económico ds mesmas nesa época por falta de traballo.

23. Cfr. a cita anterior do *Foro Real*, nota 20 deste traballo..

24. "et o demo (...) apareceu en puridade en forma de ome boo et onesto a aquel maço que *fezera o pecado*" (*Miragres*, 201: 10-13)

25. "mais no outro día ante que sayses da tua casa *fezeche pecado co hua moller*" (*Miragres*, 201: 18-19).

"Et viuedo asi, forçoo a cobiiça da carne et fezo seu pecado co hua maçoeba" (*Miragres*, 201: 4-5)

26. "Et *foy co sua moller* et ouvo dela huu fillo varo" (*Miragres*, 173: 2-3)

27. "Nostro Señor leixou matar os que no *pecaro* co as mouras" (139: 4-5).

28. E a expresión máis utilizada no *Foro Real* ("ou se o achar *iazendo* cu sa mollher" (292: 804; cfr. tamén as páxinas 279,280 e 281) e no *Tratado de confissom* (A .ix. se jazia nuu com a molher nua" (185a: 4-5

29. "Item sacerdote que *dorme* co sua cofessada" (*Tratado de confissom*, 192b: 15-16).

"Aquela noite ueo Troylos veer Breçayda et *albergaro* anbos" (*Crónica Troiana*, 416:3). Cfr. tamén a cantiga 314 (v. 19).

Entre os disfemismos, destaco *folegar*, pola súa similitude semántica con *follar*<sup>30</sup>, *tirar*<sup>31</sup>, *cavalgar*<sup>32</sup> e, sobre todo, *foder*, de uso tan frecuente como para que chegase a adquirir acepcións tan actuais como 'incordiar' e 'roubar':

deitou na casa sigo un peon,  
e sa maeta e quanto tragia  
pôs cabo de si e adormeceu;  
e o peon levantou-s' e fodeu,  
e nunca ar soube de contra u s' ia." (201: 3-7)  
"- Vós, Don Vaasco, já me cometestes  
doutros preitos; des i, ar dig' assi:  
non mi deu algo, pero lho pedi,  
o priol; e fodi, e vós fodestes  
con Roí Gil; e meu preitos talhei  
con Frei Rrodrigu' e mentiu-mi-os, e sei,  
per aquest', a sa fazenda daquestes. (423: 22-28).

Cando se teñan cubertas tódalas etapas que esixen unha análise diacrónica, terase ocasión de demostrar que, mentres non cambien as coordenadas culturais dunha sociedade, as referencias comúns a tódolos niveis (interdicción e formas de expresións) manteranse estables a pesar de que a relatividade do eufemismo presupón ó contrario. Haberá cambios, que serán mínimos nas pautas que determinan a interdicción e máis acusados na expresión, aínda que, neste caso, a renovación verase contrarrestada ou ben pola existencia de recursos máis estables que outros (as metáforas degrañanse antes que as perífrases e que os termos xenéricos) ou ben porque a orixe culta ou o carácter técnico dunha palabra a

30. Marinha, en tanto folegares  
tenho eu por desaguisado;  
e soo mui maravilhado  
de ti, por non [ar]rebtareas (52: 1-4).

31. A cantiga 331 é un constante xogo co dobre sentido de *tirar*: Os beesteiros (...) *tiran* mui ben (331: 1-2); "*tirou con el*" (331: 13); *tirar con ela* (331: 16).

"Os beesteiros daquesta fronteira  
pero que cuidan que tiran mui ben,  
quero-lhis eu conselhar ua ren:  
que non tiren con Maria Balteira,  
ca todos quantos ali tiraran  
todos se dela con mal partiran  
assi é sabedor e [é] arteira" (331: 1-8).

32. Dona Ouroana, pois já besta avedes,  
outro conselh'ar avedes mester:  
vós sodes mui fraquelinha molher  
e já mais *cavalgar* non podedes; (213:1-4).  
Cfr. a interpretación que fai, da mesma, Arias Freixedo (1993: 95)

preserva da súa degradación ou simplemente porque o maxisterio e o prestixio da Igrexa actúa como garante da capacidade eufemística dos expresións que proceden da linguaxe relixiosa, moi frecuentes, por outro lado.

## BIBLIOGRAFÍA

### A) Fontes

Alfonso X, *Foro Real*, 2 vols. Edición, Estudo Lingüístico e Glosário de José de Azevedo Ferreira, Instituto Nacional de Investigación Científica, Lisboa, 1987.

*Cantigas d'escarnho e del mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, 2ª edición, revista e acrescentada pelo Prof. M. Rodrigues Lapa, Galaxia, Vigo, 1970.

*Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses*. Edición crítica acompañada de introdução, comentário, variantes, e glossário por José Joaquim Nunes, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1932.

*Cantigas d'Amigo dos trovadores gallego-portugueses*. Edición crítica acompañada de introdução, comentário, variantes e glossário por José Joaquim Nunes, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1928.

*Crónica Troiana*. Introdución e texto por Ramón Lorenzo. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1985.

Ferro Couselo, Xesús. *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Galaxia, Vigo, 1967.

*Mirages de Santiago*. Edición y estudio crítico por José L. Pensado, CSIC, Madrid, 1958.

*Tratado de confissom* (Chaves, 8 de agosto de 1489). Leitura diplomática e estudo bibliográfico por José V. de Pina Martins, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1973.

### B) Estudos

Alvar, Manuel. *Los fueros de Sepúlveda*, Segovia, 1953.

Arias Freixedo, X. Bieito. *Antoloxía da poesía obscena dos trovadores galego-portugueses*. Ed., comentario e glosario. Ed. Positivas, Santiago de Compostela, 1993.

Beinhauer, W. *El español coloquial*. Gredos, Madrid, 1968.

Cintra, Luis F. Lindley. "Langue parlée et traditions écrites au moyen-âge (Péninsule Ibérique)", *Atti del XIV Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza* (Napoli, 15-20 Aprile 1974), vol. I, 1974, pp. 463-472.

- Ferrari, Anna, Gonçalves, Elsa, e Ramos, Ana Maria, en Kremer, Dieter, Lorenzo, Ramón. *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Santiago de Compostela, 1982, pp. 191-201.
- Lorenzo, Ramón. "Gallego y portugués. Algunas semejanzas y diferencias", en *Homenaje al Profesor Hans-Karl Schneider*. Buske, Hamburg, 1975, pp. 155-171.
- *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. T. I. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Ourense, 1975.
- "A lingua das cantigas", en *El Códice Rico de las Cantigas de Alfonso X El Sabio*. Ed. Edilán, 1979, pp. 267-8.
- "Limiar" a Alfonso X, *Cantigas de Santa Maria*, editadas por Walter Mettmann, T. I, 7-13. Xerais, Vigo, 1981.
- "Proxecto dun dicionario histórico galego", in Kremer, D., Lorenzo, R. *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Santiago de Compostela, 1982.
- *Crónica Troiana*. Introducción e texto. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1985.
- Maia, Clarinda de Azevedo. *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Instituto Nacional de Investigação Científica, Coímbra, 1986.
- Martínez Salazar, Andrés, "Fragmentos de un nuevo código gallego de Las Partidas", en *BRAG* 3, 1909-10, pp. 171-179.
- Montero Cartelle, Emilio. *El eufemismo en Galicia (Su comparación con otras áreas romances)*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1981.
- Orr, J. "Le rôle destructeur de l'euphémie", en *CAIEF*, 3-4-5, 1953, pp. 167-175.
- Oviedo y Arce, Eladio. "Fragmentos de un código galaico-castellano de *Las Partidas* (apógrafo del siglo XIII)", en *BRAG* 9, 1915-16, pp. 72-82.
- Pallares Méndez, M<sup>a</sup> Carmen. *A vida das mulleres na Galicia medieval. 1100-1500*. Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 1993.
- Pensado, José L. "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 29, 1974-75, pp. 102-129.
- Rübecamp, Rudolf. "A linguagem das *Cantigas de Santa Maria*", en *BF* 1, 1932-33, pp. 273-336.
- Tilander, Gunnar. "Fuentes jurídicas", en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, vol II. CSIC, Madrid, 1967, pp. 447-460.